

RESOLUCIÓN REITORAL DO 1 DE SETEMBRO DE 2017 POLA QUE SE ENCOMENDA Á FUNDACIÓN DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA A XESTIÓN ECONÓMICA DE ESTUDOS PROPIOS DE POSGRAO E CURSOS DE EXTENSIÓN UNIVERSITARIA
ANTECEDENTES

PRIMEIRO. Segundo o artigo décimo terceiro dos Estatutos da Fundación da Universidade da Coruña (en adiante FUAC) establécese que a FUAC é un medio propio e servizo técnico da Universidade da Coruña (en adiante UDC), considerándose á relación da FUAC coa UDC, para todos os efectos, de carácter interno, dependente e subordinado, e articulándose a través de encomendas de xestión, de conformidade co previsto no artigo 24.6 do texto refundido da Lei de contratos do sector público (LCSP).

SEGUNDO. A FUAC conta cunha axeitada estrutura organizativa, capacidade de escalado do seu servizo e un coñecemento especializado requirido para dar resposta ás demandas xeradas pola sociedade e para potenciar as relacións da UDC con empresas e entidades sociais.

TERCEIRO. A FUAC é unha institución recoñecida e de referencia no ámbito empresarial, dispón dun coñecemento aplicado ben como dos recursos técnicos necesarios para cumprir coa xestión que requiren os servizos da UDC.

CUARTO. Polo dito anteriormente, a UDC pode encargar á FUAC a xestión económica de proxectos de investigación, cursos, cátedras institucionais ou outras actividades, requiríndose o establecemento dun axeitado marco da actuación conforme á seguinte,

ENCOMENDA DE XESTIÓN

PRIMEIRO. A presente encomenda de xestión baséase no artigo 24.6 do texto refundido da LCSP, tendo polo polo tanto un carácter obrigatorio para a FUAC quen deberá aceptala e executala conforme ás instrucións dadas dende á UDC en canto á interpretación dos traballos encomendados e seguimento dos mesmos.

SEGUNDO. O obxecto da encomenda é a xestión económica-administrativa dos Estudos Propios de Posgrao e Cursos de Extensión Universitaria amparados na normativa da UDC relativa aos mesmos ben como a prestación de servizos de apoio ás direccións de ditas actividades.

TERCEIRO. A encomenda comprenderá a realización segundo a normativa ou baixo demanda da dirección de cada actividade, dun ou varios dos seguintes servizos:

- Xestión delegada económico-administrativa dos Estudos Propios de Posgrao. As tarefas que comprende o servizo detállase como Anexo I.
- Secretariado técnico de apoio á dirección dos Estudos Propios de Posgrao. As tarefas que comprende o servizo detállase como Anexo II.
- Xestión dos Cursos de Extensión Universitaria. O servizo comprende o conxunto de tarefas detalladas nos Anexos I e II.
- Outros servizos de apoio. Outras tarefas adicionais demandadas pola dirección de cada actividade e non contempladas como xestión delegada ou secretariado técnico.

Código Seguro De Verificación	76Uch5mFFA3RFMi5v1ZDww==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Reitor Julio Ernesto Abalde Alonso	Asinado	01/09/2017 14:17:55
Observacións		Páxina	1/5
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/76Uch5mFFA3RFMi5v1ZDww==		



A FUAC será a responsable da calidade técnica dos servizos prestados ás direccións das actividades conforme á validación das direccións das mesmas.

CUARTO. Para o financiamento das tarefas indicadas na cláusula terceira, a FUAC repercutirá contra o orzamento de cada actividade os seguintes importes:

- O 5,0% da base imponible dos importes cobrados pola actividade realizada para o servizo de xestión delegada económico administrativa dos Estudos Propios de Posgrao.
- O 2,5% da base imponible dos importes cobrados pola actividade realizada para o servizo de secretaría técnica dos Estudos Propios de Posgrao.
- O 7,0% da base imponible dos importes cobrados pola actividade realizada para o servizo de xestión aos Cursos de Extensión Universitaria.
- Calquera outro servizo de apoio demandado pola dirección das actividades deberá ser orzamentado pola FUAC e aprobado explicitamente pola dirección.

QUINTO. Alén dos importes referidos no apartado CUARTO, a FUAC reterá de cada actividade a porcentaxe establecida na correspondente normativa da UDC (Estudos Propios de Posgrao ou Cursos de Extensión Universitaria).

Esta retención será liquidada á UDC periodicamente, e como máximo de xeito anual, conforme aos seguintes requisitos:

- Os Estudos Propios de Posgrao liquidaranse conforme ao procedemento establecido pola normativa específica de aplicación.
- Os cursos de Extensión Universitaria liquidaranse partindo da solicitude anual da FUAC á Oficina de Cursos e Congresos da UDC da correspondente nota de cargo que permita a liquidación das retencións practicadas. Nesa solicitude a FUAC fará constar a relación das actividades de extensión universitaria encomendadas, os ingresos percibidos por cada unha delas, a/as data/s de celebración e o órgano que procedeu a aprobación.

SEXTO. Para a xustificacións dos servizos encomendados, A FUAC informará á UDC de:

- Os servizos de xestión delegada económica administrativa de Estudos Propios de Posgrao, a información e procedemento estipulado pola normativa de aplicación. mesmos/as.
- Os servizos de secretariado técnico u outros servizos de apoio remitirá trimestralmente a relación de actividades pechadas, encomendadas á FUAC polas correspondentes Direccións e con indicación dos ingresos recibidos, as datas de celebración e o órgano de aprobación.

Esa información será aportada conforme aos requisitos establecidos pola unidade de Estudos Propios de Posgrao ou pola Oficina de Cursos e Congresos da UDC segundo corresponda.

SÉTIMO. A presente encomenda financiarase contra os ingresos, subvencións ou achegas recibidas por cada actividade encomendada.

Código Seguro De Verificación	76Uch5mFFA3RFMi5v1ZDww==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Reitor Julio Ernesto Abalde Alonso	Asinado	01/09/2017 14:17:55
Observacións		Páxina	2/5
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/76Uch5mFFA3RFMi5v1ZDww==		



OITAVO. Nas súas actuacións xerais, organizativas e de apoio que o permita o desenvolvemento da presente encomenda, a FUAC empregará o galego, podendo utilizar para conformidade lingüística o Servizo de Normalización Lingüística da UDC.

NOVENO. En ningún caso a realización da encomenda suporá a existencia dunha relación funcional ou laboral do persoal da FUAC coa UDC.

DÉCIMO. A UDC poderá realizar os labores de inspección, comprobación ou seguimento que considerar oportuno sobre a realización dos traballos da encomenda.

DÉCIMOPRIMEIRO. A presente encomenda estará vixente de forma indefinida até a súa derogación.

DÉCIMOSEGUNDO. Corresponde á UDC a través da Secretaría Xeral á interpretación da presente encomenda así como resolver as posibles discrepancias que puidesen xurdir na súa execución.

Por todo o indicado, a Reitoría da UDC

RESOLVE

UNICO. Encomendar á FUAC as actuacións referidas no apartado SEGUNDO da presente encomenda relacionadas coa xestión económica administrativa e outros servizos de apoio aos Estudos Propios de Posgrao e Cursos de Extensión Universitaria da UDC conforme ao indicado na presente encomenda de xestión.

A Coruña, 1 de setembro de 2017

O reitor da Universidade da Coruña

Julio Ernesto Abalde Alonso

Código Seguro De Verificación	76Uch5mFFA3RFMi5v1ZDww==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Reitor Julio Ernesto Abalde Alonso	Asinado	01/09/2017 14:17:55
Observacións		Páxina	3/5
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/76Uch5mFFA3RFMi5v1ZDww=		



ANEXO I
TAREFAS QUE COMPRENDE O SERVIZO DA FUAC PARA A XESTIÓN DELEGADA ECONÓMICO-ADMINISTRATIVA DOS ESTUDOS PROPIOS DE POSGRAO
A. Asesoría Xurídica

- Xestións necesarias para a sinatura de acordos con institucións e empresas.
- Elaboración dos contratos de prestación de servizos necesarios para a actividade conforme á normativa da UDC.

B. Xestión económico-administrativa

- Xestión administrativa e económica de inscricións, rexistro, pagos, credenciais e certificacións.
- Contabilidade separada de pagos e cobros asociados.
- Consulta on-line da contabilidade pola dirección.
- Emisión de facturación en función do estipulado en cada actividade.
- Recepción e identificación de transferencias.
- Tramitación de pagos asociados á actividade por parte da dirección da mesma, unha vez comprobada a viabilidade económica.
- Control e liquidación de impostos asociados á actividade e aos participantes na mesma.
- Ingreso na conta da UDC das retencións de xestión institucional establecidas.

C. Recursos humanos

- Asesoramento, realización e xestión dos contratos laborais necesarios para o desenvolvemento da actividade.

D. Xestión de nóminas e seguridade social.

- Asesoramento, realización e xestión das bolsas de investigación e prácticas asociadas á actividade.

Código Seguro De Verificación	76Uch5mFFA3RFMi5v1ZDww==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Reitor Julio Ernesto Abalde Alonso	Asinado	01/09/2017 14:17:55
Observacións		Páxina	4/5
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/76Uch5mFFA3RFMi5v1ZDww=		



ANEXO II
TAREFAS QUE COMPRENDE O SERVIZO DA FUAC PARA O SECRETARIADO TÉCNICO DOS ESTUDOS PROPIOS DE POSGRAO
A. Difusión

- Promoción e difusión do inicio da actividade a través do boletín electrónico de formación da FUAC así como na sección web de Formación.

B. Apoio xestión económico-administrativa

- Asesoramento xeral para a organización e desenvolvemento do posgrao propio.
- Asesoramento na elaboración da memoria de Implantación ou de renovación.
- Asesoramento na elaboración dos orzamentos.
- Uso da plataforma web de formación da FUAC. Tramitación on-line das preinscricións e inscricións. Seguimento e validación da documentación do alumnado.
- Trámite da matrícula oficial dentro da base de alumnos da UDC.
- Asesoramento na elaboración do programa social e visitas culturais.
- Xestión e coordinación de provedores.
- Xestión de desprazamentos e aloxamentos.
- Xestión de honorarios de docencia e dirección.
- Solicitude e xustificación económico-administrativa, no seu caso, das subvencións e axudas concedidas.

Código Seguro De Verificación	76Uch5mFFA3RFMi5v1ZDww==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Reitor Julio Ernesto Abalde Alonso	Asinado	01/09/2017 14:17:55
Observacións		Páxina	5/5
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/76Uch5mFFA3RFMi5v1ZDww=		

